

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* o día 12 de xuño de 2005.-

## **América esgazada**

Ten América unha pel moi fina, case partida en dous, estirada por dúas forzas a turrar dela de xeito incesante. Unha que a agarra polo norte, mentres que a outra o fai polo sur. Unha fai pinza nas frías terras de Alasca, a outra na Terra de Fogo, separadas por vinte mil quilómetros, case nada. E algún día van rachar o pequeno istmo que mantén unidas con esforzo as dúas partes perante o pasmo do mundo enteiro. É moi probábel que o faga por Panamá, onde a fenda está aberta dende xa hai tempo. Canto máis poden aturar os países de Centroamérica a presión de semellante estiramento? Rachará por pola parte máis esvelta de México, nos estados de Oaxaca e Chiapas, onde os indios non deixan de reclamar o dereito á propiedade da terra? Rachará por Guatemala, polo Salvador ou por Honduras, por Costa Rica ou por Nicaragua, grandes patrias de conflitos e pobreza?

América romperá en dúas metades que van aboiar no mar coma barcos perdidos, como enormes balsas feitas de pedra. E haberá camarotes de segunda e tamén de primeira. Incluso pode que os haxa de terceira. O Norte apenas se moverá porque está fortemente ancorado pola súa bonanza financeira. O Sur irá ao garete, todo enteiro, dende Arxentina e Chile até Venezuela.

Ai América! Canta dor retumba polos cumios das túas montañas, polos recunchos case inexpugnábeis das túas selvas! Terra que cheiras a colonización e a inxustiza, a indios maltratados, vilipendiados, expulsados, exterminados, convertidos en material decorativo para as películas e o turismo... a escravos africanos a cultivar campos de algodón e de cana de

azucres en lentas xornadas de calor intensa... a inmigrantes a poboar inmensos espazos baleiros, chámense llanos, matos, pampas, mesetas, chacos ou altiplanos... a implacábeis ditaduras que deixaron tras de si un interminábel regueiro de mortos, de desaparecidos, de torturados...

O día que o continente rache porque non ature máis as forzas que intentan esgazalo na gran masa do Norte celebrábase unha festa interminábel. Xa vos dixemos, dirán mirando cara o sur con altiveza os habitantes todos dos Estados Unidos. Xa vos dixemos que eramos nós, e soamente nós, os americanos! Hai acaso algún outro país no mundo que non posúa un xentilicio propio e teña que coller para si o de todo o continente no que se asenta? Estados Unidos de América, o país que acuñou *Et pluribus unum* nas súas moedas para dar a entender (eles realmente o pensan) que naceron dun crisol onde se mesturaron voluntariamente case todas as culturas do planeta. Moi fermoso. Tan fermoso que emociona. Véñenme á mente os indios, expulsados sen compaixón dos seus fogares e concentrados en reservas. Véñenme á mente os traballadores do este de Europa que chegaron en tremendas ondadas para traballar como man de obra barata nos matadoiros de Chicago, tan cruamente retratados por Upton Sinclair na súa novela *The Jungle* (1906), que causou tal impacto na sociedade que o goberno houbo introducir fondas modificacións na lexislación laboral, e na que o protagonista, Jurgis Rudkus, de orixe lituana, se formula a seguinte pregunta: “Non se dicía que en América todos os homes, ricos ou pobres, eran libres?”. Os Estados Unidos son mestres na arte de envolver as meirandes atrocidades en fermoso papel de agasalho, de vender gato por lebre, de botar a pedrada e ollar cara outro lado. Son unha terra sen fronteiras definidas, sen lindeiros estabilizados. Des que se asentaron

os primeiros colonos (os pioneiros, como a eles lles gusta chamalos) non deixaron de ampliar o territorio avanzando a tiros cara os catro costados.

Cando América rache polo centro as terras do sur terán que formularse cal vai ser o seu novo papel no mundo, liberadas por fin dos veciños de arriba. Quizais sexa o momento de sacudiren o corpo para se desfaceren das grandes multinacionais, como fan os cans cando queren escorregar a auga tras darse un baño. Quizais sexa o tempo de botarlles unha cadea aos grandes horrores vividos no pasado para pechalos definitivamente na escuridade do faiado. Quizais sexa o momento de que os habitantes de Latinoamérica comecen a escribir eles mesmos a súa historia. Ao seu xeito. Á súa maneira. Coa súa propia letra. Na lingua que eles queiran. As terras son ricas. Moi ricas... Por que, entón, non poden aproveitarse os grandes recursos naturais para que redunden en beneficio propio? Por que andan as xentes todas a emigrar na procura dun xeito de subsistencia? Faise inevitábel o impacto entre unha clase moi opulenta que vive rodeada dun luxo desproporcionado e outra que vive na máis extrema pobreza, amoreada en nauseabundas favelas onde reina a miseria, caldo de cultivo do analfabetismo e a delincuencia... Apenas nalgúns países existe unha clase media.

América é unha terra “Amada de los ríos, combatida / por agua azul y gotas transparentes (...) de manantiales construída (...) te brillaban lagos en la frente”, escribiu Pablo Neruda. Canto tempo máis vai poder aturar esta terra tan fértil a presión das forzas contrapostas que teiman en rompela?

© Xesús Constela Doce, 2005